

Elabora unha composición sobre os diferentes grupos sociais, as condicións laborais e de vida e as relacións entre negocios e política na época da Restauración partindo dos documentos que propomos para que fundamentes neles a túa argumentación. Debes salientar:

1. As fortes diferenzas nas condicións de traballo, alimentación e vivenda das xentes do común (grupos sociais populares) e das elites rurais e urbanas, partindo das imaxes que xuntamos.
2. O empeoramento da situación económica dos sectores populares pola presión fiscal, as levas militares, os baixos salarios e a inflación dende 1914 como causa das protestas sociais contra os gobernos da quenda dinástica (a Semana Tráxica, os motins antifiscais) e o auxe das organizacións obreiras.
3. A evolución das formas de organización e protesta dos obreiros industriais e agrícolas.
4. As formas de sociabilidade dese grupo de propietarios, empresarios e innovadores e a importancia que tiveron nela os balnearios, casinos e círculos mercantís.
5. Situa correctamente aos persoeiros suliñados na política e na sociedade da época.

**Docto. 1: Amotinamentos contra a carestía dos prezos dos alimentos na Rioxa a finais do século XIX** (extraído de Carlos Gil Andrés, 2010, *Piedralén. Historia de un campesino. De Cuba a la Guerra Civil*, Marcial Pons, Historia, Madrid, páx. 213).

Un motín contra a carestía do trigo e o imposto de consumos alterou a vida cotiá en Cervera del Río Alhama o 10 de maio de 1898. Os amotinados tomaron os fieltos de consumos e queimaron a documentación. O alcalde declarou suprimido o imposto de consumos para evitar enfrontamentos sangrientos. Amotinamentos semellantes producíronse en Alfaro, Logroño, Nájera e Fuenmaior como consecuencia da crise agraria, da devaluación da peseta e das malas colleitas nos anos precedentes. Os concellos aplicaron medidas extraordinarias como o reparto de bonos de comida, a subvención do prezo do pan, a creación de tafonas municipais, a ampliación das listaxes de pobres e a supresión temporal dos odiados consumos.

**Docto. 2: Familias sonenses a finais do século XIX**



**Doc. 3: A estrutura da propiedade rústica e pecuaria en Cervera del Río Alhama (Logroño) en 1919** (extraído de Carlos Gil Andrés, 2010: 130-131).

“O repartimento de contribución territorial sobre riqueza rústica e pecuaria de Cervera del Río Alhama (Logroño) en 1919 establecía unha clara concentración da propiedade pois había 1682 donos de fincas rústicas e 91 de cabezas de gando, con diferenzas substanciais entre eles:

Tramo impositivo	Nº de donos nese tramo	% sobre o total
500 a 1000 pesetas	2	
200 a 500 pts.	6	
50 a 200 pts.	53	
40 a 50 pts.	10 labradores	
20 a 40 pts.	100 pequenos cultivadores	
6 a 20 pts.	400	
Menos de seis pesetas	1.200	
Total:		

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da contribución territorial por riqueza rústica e pecuaria fornecidos por Carlos Gil Andrés (2010: 131).

**Doc. 4: Familia de labradores de O Reguengo de Rouzós (Amoeiro, Ourense).**



**Docto. 5: “El pan, a precios nunca vistos”** (*Faro de Vigo*, 14-X-1917).

En 1917 el problema de la suba del pan era general en toda España y en algunas capitales lo adquiría el público a precios nunca conocidos. *Faro de Vigo* denunciaba que parecía incomprensible que hubiese en España un problema general con la subida del precio del pan por ser un país productor de cereales "llegaran las harinas a tan elevada cotización en los mercados de Castilla, que su valor supera el que adquirieron en algunas de las naciones hoy en guerra". Ante las protestas de los vigueses por ese aumento de precio, los panaderos plantearon la situación al alcalde, aportando costes de material y elaboración, y este decidió que se mantuvieran los precios pero rebajando el peso de las piezas. Y con repesos diarios y advertencia de multas y decomiso de mercancía a los tahoneros que vendieran pan con un peso menor al establecido. *Faro* denunciaba que la avaricia de los grandes acaparadores "en las regiones que más trigo producen y la poca energía de los Gobiernos en lo referente a les exportaciones" eran indudablemente los principales motivos causantes de la situación en España. Y hacía notar que donde más harina faltaba era en las mismas zonas productoras, como en Salamanca, "según se desprende de los telegramas que venimos hace días publicando".

Las demandas populares, y los motines ocurridos en diversos pueblos, Vigo entre, ellos hicieron actuar al Gobierno, se decretaron disposiciones complementarias y se tomaron medidas de vigilancia tan

extremadas, como debieran ser desde un principio, que la ley se hizo efectiva y cesó la salida de España de millares de sacas diariamente. En el caso de Vigo, si bien es cierto que el precio del artículo no había aumentado, lo era sólo en apariencia pues se había disminuido el peso. Y es que "no podía ser esta ciudad una excepción ni a Vigo llega la harina con cotización distinta a la que es comprada para otros puntos". Los panaderos vigueses, ante la imposibilidad de sostener los precios del pan, comunicaron al alcalde su resolución de aumentar algunos céntimos su precio. Y el alcalde, de acuerdo con el director del Laboratorio estudió detenidamente el asunto, y celebró varias entrevistas con los tahoneros, que le presentaron los justificantes de los precios de las harinas, gastos que originaba la industria, y margen de ganancia que podrían tener al ser aprobada la fórmula que ellos presentaban.

Se discutió todo largamente y el alcalde propuso que el pan corriente se fabricase en piezas de un kilo, medio kilo y cuarto kilo, pero no pudiendo venderse la pieza de 250 gramos, o sea la última, a menos de 0,15 pesetas. Teniendo en cuenta el precio de las harinas, el sólo anuncio de que la pieza de menor peso pasaría a costa cinco céntimos más, , provocó protestas en el público que acudía a adquirir dichas piezas. Los panaderos dijeron al alcalde que el consumidor prefería seguir pagando los diez céntimos aunque la cantidad de pan fuese menor. En vista de esto, decidió la autoridad local que se aplicase el sistema de mantener el precio rebajando el peso. En la modificación que se implantaba, pudo conseguir el alcalde en beneficio del consumidor, que estuviera también sujeto al repeso el pan conocido por bajo picado, que se consideraba como de lujo, "quedando únicamente libre del repeso el que es verdaderamente de lujo". Así que "para que el público sepa lo que compra y a lo que tiene derecho, según la nueva modificación introducida y que comenzará a regir mañana, día 15", se establecía la comparativa de precios: cuestan actualmente 170 gramos de pan, 0,10 pesetas. 340 gramos, 0'20. 680 gramos, 0'40. 1.020 gramos. 0 60. 1.360 gramos, 0,80 pesetas. Desde mañana costarán: 160 gramos, 0'10 pesetas. 320 gramos, 0,20. 650 gramos, 0, 40. 1.000 gramos, 0 60 y 1.330 gramos, 0'80 pesetas. A fin de que el peso fuera siempre exacto, el alcalde ordenó que los repesos se hicieran diariamente, conminando con multas, y el decomiso de la mercancía, a los tahoneros que expendieran piezas con peso inferior al señalado.



Foto: postos de venda de pan á entrada dun mercado local en Vigo

**Docto. 6:** F. Salgado, "El descubrimiento de A Toxa", *Historias de Galicia* (La Voz de Galicia, 27-3-2011, p. 24).

"Atribúese a Antonio Maura a mordaz afirmación de que España tiña 48 provincias, porque a numero 49, Pontevedra, pertencía ao Marqués de Riestra. Ao que Castelao, maurista na súa xuventude e enfrontado a Riestra, apostillaba "chamannos separatistas, a nós, que pretendemos devolverlle a España a provincia de Pontevedra"... Para moitos pontevedreses o mundo comezaba na Caeira, residencia e núcleo da rede caciquil do marqués... Foi un dos máis importantes empresarios galegos da época, banqueiro e industrial innovador, introdutor da luz eléctrica e dos fornos cerámicos continuos en Galicia e principal responsable do agromar dunha das máis elegantes espatampas da nosa historia contemporánea, a do balneario e os produtos La Toja... El e Laureano Salgado, un poderoso industrial de Caldas de Reis, encabezan en 1903 a nómina de fundadores de La Toja, sociedade que modernizou o balneario, construiu o maxestuoso Gran Hotel e instalou a reputada fábrica de xabóns e sales de baño. Riestra presidiu a sociedade ata a súa morte en 1923 e no complexo empeñou a súa fortuna e o crédito da súa banca...O marqués e os seus

socios tentaron blindar o negocio coa potenciación do turismo de elite na costa atraendo ao rei Afonso XIII á ría ofrecéndolle a illa de Cortegada, pero o monarca preferiu o pazo cántabro da Magdalena.

Docto. 7: Espinosa, J.C., 2010, *Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo, 120 años de Historia*, Servizo de Publicacións da Deputación Provincial de Pontevedra, pp. 22, 29, 47 e 244).

"A mediados do século XIX constrúese o novo peirao de pedra. A cidade medra e os seus alcaldes acordan desfacer as murallas para facilitar a expansión continua de Vigo propiciada, entre outros factores, polo aumento das relacións con América, a instalación de novas industrias e a mellora das comunicacións grazas á construción do ferrocarril pois inaugúrase a liña Ourense-Vigo en 1881... Continúan abríndose fábricas de salgazón e derivados de produtos mariños, o que provoca o crecemento da poboación asalariada e, tamén dunha burguesía financeira e Vigo expándese con novas rúas e coa construción de nobles predios de pedra.

O Centro de Instrucción Mercantil fundouse o 12 de marzo de 1891 como sociedade recreativa aberta a "toda clase de especuladores al por mayor, dependientes de comercio, corredores, agentes marítimos y de cambio, comisionistas transeuntes, empleados de aduanas y cuantos tengan puesta su actividad al servicio de los negocios agrícolas, industriales y comerciales"... Crearon unha oficina de reclamacións ás compañías de ferrocarrís "por el daño continuo que se les origina, por negligencia y deficiente celo en la custodia de mercancías"...

En 1907, José Curbera Fernández, que fora a Bruxelas a facer xestións vencelladas coa fabricación de conserva hermética de pescado, envía un telegrama ao Círculo anunciando a creación da Compañía de Tranvías Eléctricos de Galicia... En 1927 o Círculo Mercantil xestionou a visita dos Reis para inaugurar o novo edificio social da entidade... Algúns denunciaron ante as autoridades militares e policiais a membros do Círculo porque mantiñan unha filiación política maurista, republicana e ata comunista... O día da inauguración o presidente repartiu responsabilidades de control entre os membros da xunta directiva. Ao secretario García Vila, republicano federal convencido, encargoulle a vixilancia do tocador de señoras que utilizaría a Raiña.

Docto. 8: casas de noieses retornados da emigración a América.



Docto. 9: Negocios de García Barbón, verinense retornado de América que se estableceu en Vigo.

